

RESUMO PROTOCOLO COVID DO CEIP DE REBOREDA

USO DA MÁSCARA NO CENTRO

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal do centro, para o alumnado de primaria e, no caso do alumnado de infantil, como mínimo para os desprazamentos polos espazos comúns.

Aparte da máscara que traian posta deberán traer unha de reposto nun estoxo e outro estoxo baleiro para cando teñan que quitar a que levan posta, por exemplo para merendar.

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

Entradas

Alumnado de transporte

Tres mestres encargaranse de acompañar ao alumnado en fila con distancia de seguridade ata a entrada principal e de aí irán ás súas aulas, onde estarán esperando os titores.

Resto do alumnado

As portas estarán abertas dende as 8.30. Segundo vaian chegando poderán acceder ao recinto, pero só o alumnado. Unicamente poderán entrar ao recinto escolar os familiares que acompañen ao alumnado de infantil, e simplemente para entregar ao neno/a.

- ✓ Alumnado de infantil: utilizará o portalón do patio cuberto e a entrada ao centro que hai no mesmo.
- ✓ 1º, 2º e 5º A utilizarán o portalón principal e accederán pola porta principal do centro.
- ✓ 4º e 5º B accederán ao recinto polo portal do patio superior e ao centro pola porta de emerxencia da aula de informática.
- ✓ 3º e 6º usarán o portal polo que se sube e baixa do pavillón e a porta principal do centro.

Saídas

- ✓ O alumnado de transporte sairá ás 13.35. Mestres de garda recollerán ao alumnado nas aulas para levalo ao patio cuberto e de aí aos autobuses.
- ✓ As familias de infantil poderán acceder ao recinto a partir das 13.40 e agardar no espazo designado, usando máscara e gardando a distancia de seguridade.
- ✓ O resto do alumnado sairá en fila por esta orde co mestre co que tivese clase a última hora:
 - Pola porta principal: 1ºA, 1º B 2º e 5ºA
 - Pola porta traseira que da acceso ao pavillón: 3º A, 3º B, 6º A e 6ºB
 - Polo portal do patio superior: 4ºA, 4ºB e 5ºB

Entradas e saídas durante o horario lectivo

O mestre de garda entregará ou recollerá ao neno/a na porta do patio cuberto ao adulto que o veña recoller ou traer.

Recreos

Haberá espazos acotados no patio para cada grupo para evitar o contacto entre clases. Nos días de chuvia quedarán na aula.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

- Mesas coa debida distancia de seguridade entre o alumnado e en dirección á pizarra e mesa do profesor/a.
- Hixiene do material de aula despois do seu uso.
- O profesorado encargárase de manipular pomos, fiestras e persianas.
- Haberá dispensadores de xel hidroalcohólico, desinfectante, panos desbotables e papeleiras con tapa e pedal en todas as aulas para o lixo sensible (luvas, máscaras, panos...)

CANLES DE INFORMACIÓN E TITORÍAS COAS FAMILIAS

Reforzaranse as vías de comunicación dixitais:

- A web do colexio <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipreboreda/>
- **AbalarMóbil**, polo que é moi importante que todas as familias descarguen a aplicación para poder reducir as comunicacións alleas a esta canle.
- Correo electrónico ou, en último lugar, a chamada telefónica.

Titorías

Serán preferentemente telemáticas, ben a través do teléfono ou de plataforma de videoconferencia.

Excepcionalmente poderá realizarse unha titoría presencial previa autorización do equipo directivo. A reunión tería lugar nun espazo habilitado para tal fin no salón de actos, martes de 16 a 17h.



AUTOENQUIZA PARA FACER CADA MAÑÁ ANTES DE VIR AO CENTRO

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ante un dos síntomas aquí recollidos o alumnado non poderá asistir ao colexio. A familia chamará ao teléfono do centro para avisar da medida preventiva e tamén ao seu centro de saúde de referencia para esperar instrucións sanitarias.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

Se a resposta a unha destas preguntas é afirmativa, o alumnado terá que facer corentena preventiva ata saber se o resultado da proba é negativo ou non. Tamén neste caso terá que poñerse en coñecemento do centro, mediante chamada ao centro, preguntando pola directora, que é a coordinadora do equipo COVID e co centro de saúde para seguir instrucións.

As faltas por este tipo de confinamentos preventivos rexístranse aparte do resto de faltas e non computan como absentismo escolar.

CANLES DE COMUNICACIÓN

Se calquera alumno/a ou traballador/a do centro tras realizar a enquisa de autoavaliación ten que quedar na casa debe comunicalo, a ser posible, antes das 8.15 da mañá.

- Por teléfono: 886110662 ou 886110663
- Por correo electrónico: ceip.reboreda@edu.xunta.es

MANEXO DE SINTOMATOLOXÍA NO CENTRO

Nas distintas entradas ao centro dispoñibles, para evitar aglomeracións, **tomarase a temperatura.**

Aparición de síntomas nun alumno/a durante o horario lectivo:

Trasladarase ao neno/a a unha sala destinada exclusivamente para esperar á que veñan a recollelo/a, en compañía do mestre/a de garda.

A familia do neno/a con sospeita de contaxio deberá solicitar consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día acudirá ao PAC, previa chamada telefónica, para a valoración polo médico de atención primaria. Nesa chamada daránselle instrucións para o desprazamento e o acceso á instalación.

APARICIÓN DUN CASO POSITIVO CONFIRMADO NO CENTRO

Tras a aparición dun caso confirmado seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que haxa unha parte do centro que teña que permanecer illada mentres o resto funciona con normalidade.

A suspensión da actividade lectiva presencial activará automaticamente o protocolo de ensino a distancia, polo que as familias terán información para continuar coa modalidade a distancia na páxina web do centro e comunicación co mesmo a través das canles habilitadas (teléfono, correo electrónico, Abalar Mobil).

NOTA: Este documento é un resumo do protocolo COVID do CEIP de Reboreda que, en canto se aprobe en claustro e consello escolar, estará á súa disposición ao completo na web do centro.